

21360 *ORDE ITC/3709/2006, do 22 de novembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os aparellos taxímetros.* («BOE» 292, do 7-12-2006.)

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, réxime ao cal deben someterse en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios os instrumentos de medida, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as cales se encontra o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

O real decreto traspón ao dereito interno a Directiva 2004/22/CE, do Parlamento europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida, ao tempo que adapta as fases de control metrolóxico referidas á aprobación de modelo e verificación primitiva, nos instrumentos sometidos á regulamentación específica nacional, ao sistema de avaliación da conformidade que se regula na directiva citada, abordando, ademais, o desenvolvemento das fases de control metrolóxico correspondentes á verificación periódica e despois de reparación, fases que non se regulan na normativa comunitaria.

Consonte todo isto, esta orde ten por obxecto regular o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos destinados á tarificación nos vehículos destinados ao servizo de taxi, denominados taxímetros, nas súas fases de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica.

Adicionalmente modifícanse os contidos técnicos establecidos no seu día en función da experiencia obtida da súa aplicación e da evolución tecnolóxica que experimentou o instrumento desde a súa última regulación.

Para a elaboración da orde foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados. Así mesmo, emitiu informe favorable o Consello Superior de Metroloxía.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora ambas as directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a regulación do control metrolóxico do Estado sobre os taxímetros segundo a definición establecida no anexo XI do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

Artigo 2. *Fases de control metrolóxico.*

O control metrolóxico do Estado sobre os taxímetros definidos no artigo 1 desta orde é o que se regula no capítulo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, referido á fase de instrumentos en servizo e comprende a verificación despois de reparación ou modificación e a verificación periódica.

Artigo 3. *Requisitos de instalación.*

Os taxímetros deberán cumprir os requisitos de instalación que se establecen no anexo IV desta orde.

CAPÍTULO II

Verificación despois de reparación ou modificación

Artigo 4. *Definición.*

Enténdese por verificación despois de reparación ou modificación, de acordo co disposto na letra z) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que teñen por obxecto comprobar e confirmar que un taxímetro en servizo, instalado nun vehículo, mantén, despois dunha reparación ou modificación que requira rotura de precintos, as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación, en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcione conforme o seu deseño, sexa conforme a súa regulamentación específica e, de ser o caso, o deseño ou modelo aprobado.

Artigo 5. *Actuacións dos reparadores.*

A reparación ou modificación dos taxímetros só poderá ser realizada por unha persoa ou entidade inscrita no Rexistro de Control Metrolóxico, conforme o establecido no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo. A inscrición no dito rexistro exixirá o cumprimento dos requisitos fixados no anexo I.

Todas as actuacións realizadas por un reparador autorizado estarán documentadas nun parte de traballo, en formato díptico autocopiativo. A primeira folla do parte deberá quedar en poder da entidade reparadora e a segunda en poder do titular do taxímetro; ambas, á disposición da autoridade competente e dos organismos autorizados de verificación durante un prazo mínimo de dous anos desde que se realizou a intervención.

Deberase anotar a natureza da reparación, os elementos substituídos, a data da actuación, o número co cal o reparador que efectuase a reparación se encuentre inscrito no Rexistro de Control Metrolóxico, a identificación da persoa que realizou a reparación ou modificación, a súa sinatura e o selo da entidade reparadora. A descrición das operacións realizadas deberase detallar suficientemente para que a autoridade competente poida avaliar o seu alcance.

Artigo 6. *Suxeitos obrigados e solicitudes.*

O titular do taxímetro deberalle comunicar á Administración pública competente a súa reparación ou modificación, indicando o seu obxecto e especificando cales son os elementos substituídos, se for o caso, e os axustes e controis efectuados. Antes da posta en servizo, deberá solicitar a súa verificación.

Unha vez presentada a solicitude de verificación despois de reparación ou modificación, a Administración pública competente ou o organismo autorizado de verificación disporán dun período máximo de 30 días para proceder á súa verificación.

Artigo 7. *Ensaio e execución.*

O taxímetro deberá superar un exame administrativo, consistente na identificación completa do instrumento e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Será realizado tomando como base a información do boletín establecido no anexo II.

Comprobarase especialmente que o instrumento posúe a declaración de conformidade, ou, se for o caso, a aprobación de modelo, e as maricacións correspondentes de acordo co indicado no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e que a placa de características cumpre os requisitos indicados en cada caso.

Os ensaios que se realicen na verificación despois de reparación ou modificación serán os establecidos no anexo III.

Artigo 8. *Erros máximos permitidos.*

Os erros máximos permitidos na verificación despois de reparación ou modificación son os que se determinan no anexo III.

Artigo 9. *Conformidade.*

Superada a fase de verificación despois de reparación ou modificación, farase constar a conformidade do taxímetro para efectuar a súa función, mediante a adhesión dunha etiqueta nun lugar visible do instrumento verificado, que deberá reunir as características e requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo. Emitirase, así mesmo, o correspondente certificado de verificación e o verificador procederá a reprecintar o instrumento.

A verificación despois de reparación ou modificación terá efectos de verificación periódica respecto do cómputo do prazo para a súa solicitude.

Artigo 10. *Non-superación da verificación.*

Cando un taxímetro non supere a verificación despois de reparación ou modificación, deberá ser posto fóra de servizo ata que se emende a deficiencia que impediu a superación. Farase constar esta circunstancia mediante unha etiqueta de inhabilitación de uso, cuxas características se indican no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nela a clase de instrumento de que se trate. No caso de que a dita deficiencia non se emende, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que sexa retirado definitivamente do servizo.

CAPÍTULO III

Verificación periódica

Artigo 11. *Definición.*

Enténdese por verificación periódica, de acordo co disposto na letra aa) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que teñen por obxecto comprobar e confirmar que un taxímetro en servizo, instalado nun vehículo, mantén, desde a súa última verificación, as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación, en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcione conforme o seu deseño e sexa conforme a súa regulamentación específica e, de ser o caso, o deseño ou modelo aprobado.

Artigo 12. *Suxeitos obrigados e solicitudes.*

Os titulares de taxímetros en servizo estarán obrigados a solicitar anualmente a súa verificación periódica e queda prohibido o seu uso no caso de que non se supere esta fase de control metrolóxico.

A solicitude de verificación presentarase acompañada do boletín establecido no anexo II.

Artigo 13. *Ensaio e execución.*

O taxímetro deberá superar un exame administrativo, consistente na identificación completa do instrumento e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Será realizado tomando como base a información do boletín establecido no anexo II. Comprobarase especialmente que o instrumento posúe a declaración de conformidade ou, se for o caso, a aprobación de modelo e as maricacións correspondentes de acordo co indicado no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

Os ensaios que se realicen na verificación periódica serán os establecidos no anexo III.

Artigo 14. *Erros máximos permitidos.*

Os erros máximos permitidos na verificación periódica serán os establecidos no anexo III.

Artigo 15. *Conformidade.*

Superada a fase de verificación periódica, farase constar a conformidade do taxímetro para efectuar a súa función, mediante a adhesión dunha etiqueta nun lugar visible do instrumento verificado, que deberá reunir as características e requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo. Cubriranse, así mesmo, os campos establecidos no boletín do anexo II desta orde.

Artigo 16. *Non-superación da verificación.*

Cando un taxímetro non supere a verificación periódica deberá ser posto fóra de servizo ata que se emende a deficiencia que impediu a superación. Farase constar esta circunstancia mediante unha etiqueta de inhabilitación de uso, cuxas características se indican no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nela a clase de instrumento de que se trate. No caso de que a dita deficiencia non se emende, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que sexa retirado definitivamente do servizo.

Disposición transitoria única. *Instrumentos en servizo.*

Os taxímetros que xa se encontren en servizo á entrada en vigor desta orde poderán seguir utilizándose sempre que superen a verificación periódica regulada no capítulo III.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a orde do Ministerio de Fomento, do 29 de maio de 1998, pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os contadores taquicronométricos, denominados taxímetros, nas súas fases de verificación despois de reparación ou modificación ou de verificación periódica.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación de pesas e medidas.

Disposición derradeira segunda. *Normativa xeral de aplicación aos procedementos administrativos.*

No non particularmente previsto nesta orde e no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, os procedementos administrativos a que dean lugar as actuacións reguladas nesta orde rexeranse polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públi-

cas e do procedemento administrativo común, e na lexislación específica das administracións públicas competentes.

Disposición derradeira terceira. *Autorización para a modificación do contido técnico da orde.*

Autorízase o secretario xeral de Industria para introducir nos anexos desta orde, mediante resolución e logo do informe do Consello Superior de Metroloxía, cantas modificacións de carácter técnico sexan precisas para manter adaptado o seu contido ás innovacións técnicas que se produzan.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 22 de novembro de 2006.–O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu.

ANEXO I

Requisitos para a inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico das persoas ou entidades que repararen taxímetros

As persoas ou entidades que se propoñan reparar ou modificar os aparellos taxímetros aos cales se refire esta orde deberán inscribirse como reparadores autorizados

no Rexistro de Control Metrolóxico, segundo o disposto no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o Control Metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

A inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico requirirá, por parte do solicitante, a dispoñibilidade dos requisitos técnicos e humanos necesarios para poder realizar o seu traballo e dos medios técnicos que lle permitan efectuar a comprobación do instrumento unha vez reparado e garantir a bondade da reparación. Para iso deberá dispor, como mínimo, do seguinte equipamento:

a) Un banco de control, que deberá de ser calibrado cada cinco anos, e que comprenderá: unha saída para conexión ao taxímetro; un variador de velocidade do motor; un elemento de visualización da magnitude para medir, con dispositivo de posta a cero; un conmutador para a selección das seguintes magnitudes: velocidade en quilómetros/hora, distancia percorrida en metros ou metros percorridos e voltas ou revolucións por minuto (rpm). As escalas respectivas mínimas serán: dos 0 aos 180 quilómetros/hora; dos 0 aos 9.999 metros e das 0 ás 3.000 revolucións por minuto.

b) Un cronómetro para proceder ao control dos arrastres sobre a base de tempos.

c) Un manómetro de uso público, con dispositivo de inflado dos pneumáticos para verificar a presión.

ANEXO II

BOLETÍN

BOLETÍN DE CONTROL METROLÓXICO		Número de tarxeta:	
		Matrícula de vehículo:	
		Número de licenza:	
DATOS DO VEHÍCULO			
Marca:	Modelo:	Dimensión pneumáticos:	Presión inflado (kg/cm ²):
DATOS DO APARELLO TAXÍMETRO			
Marca:	Modelo:	Número de serie:	Nº xerador impulsos:
ACTUACIÓN DE REPARADOR		VERIFICACIÓN METROLÓXICA	
Empresa:..... Número RCM:.....		Organismo:..... Número RCM:.....	
ACTUACIÓN REALIZADA		RESULTADOS DA VERIFICACIÓN	
Nova instalación		Como resultado da verificación efectuada, comprobouse o funcionamento do programa de tarifas para o ano 20....., co seguinte resultado:	
Reparación de instalación.....		FAVORABLE	
Reparación de taxímetro.....		DESFAVORABLE	
Reinstalación taxímetro.....		Causa do rexeitamento:.....	
Cambio de tarifas			
NUMERACIÓN DOS PRECINTOS		PARÁMETRO IDENTIFICADOR DE TARIFA	
F : S :		Número de tarifas:	
X : T :		Localidade:	
M : A :		Valor da constante <i>k</i> :	
C : I :		Código de programa de tarifas:	
Sinatura e selo de de 20....		Sinatura e selo de de 20....	
Empresa:..... Número RCM:.....		Organismo:..... Número RCM:.....	
ACTUACIÓN REALIZADA		RESULTADOS DA VERIFICACIÓN	
Nova instalación		Como resultado da verificación efectuada, comprobouse o funcionamento do programa de tarifas para o ano 20....., co seguinte resultado:	
Reparación de instalación.....		FAVORABLE	
Reparación de taxímetro.....		DESFAVORABLE	
Reinstalación taxímetro.....		Causa do rexeitamento:.....	
Cambio de tarifas			
NUMERACIÓN DOS PRECINTOS		PARAMETRO IDENTIFICADOR DE TARIFA	
F : S :		Número de tarifas:	
X : T :		Localidade:	
M : A :		Valor da constante <i>k</i> :	
C : I :		Código de programa de tarifas:	
Sinatura e selo de de 20....		Sinatura e selo de de 20....	

* F: fabricante - X: xerador - M: módulo - C: caixa de conexións -S: saída caixa de cambios - A: caixa adaptadora - T: tarifa - I: impresora

ACTUACIÓN DE REPARADOR	VERIFICACIÓN METROLÓXICAS
Empresa: Número RCM:	Organismo: Número RCM:
ACTUACIÓN REALIZADA Nova instalación Reparación de instalación..... Reparación de taxímetro..... Reinstalación taxímetro..... Cambio de tarifas	RESULTADOS DA VERIFICACIÓN Como resultado da verificación efectuada, comprobouse o funcionamento do programa de tarifas para o ano 20....., co seguinte resultado: FAVORABLE DESFAVORABLE Causa do rexeitamento:
NUMERACIÓN DOS PRECINTOS	PARÁMETRO IDENTIFICADOR DE TARIFA
F: S: X: T: M: A: C: I:	Número de tarifas: Localidade: Valor da constante k: Código de programa de tarifas:
Sinatura e selo de de 20....	Sinatura e selo de de 20....
Empresa: Número RCM:	Organismo: Número RCM:
ACTUACIÓN REALIZADA Nova instalación Reparación de instalación..... Reparación de taxímetro..... Reinstalación taxímetro..... Cambio de tarifas	RESULTADOS DA VERIFICACIÓN Como resultado da verificación efectuada, comprobouse o funcionamento do programa de tarifas para o ano 20....., co seguinte resultado: FAVORABLE DESFAVORABLE Causa do rexeitamento:
NUMERACIÓN DOS PRECINTOS	PARÁMETRO IDENTIFICADOR DE TARIFA
F: S: X: T: M: A: C: I:	Número de tarifas: Localidade: Valor da constante k: Código de programa de tarifas:
Sinatura e selo de de 20....	Sinatura e selo de de 20....
Empresa: Número RCM:	Organismo: Número RCM:
ACTUACIÓN REALIZADA Nova instalación Reparación de instalación..... Reparación de taxímetro..... Reinstalación taxímetro..... Cambio de tarifas	RESULTADOS DA VERIFICACIÓN Como resultado da verificación efectuada, comprobouse o funcionamento do programa de tarifas para o ano 20....., co seguinte resultado: FAVORABLE DESFAVORABLE Causa do rexeitamento:
NUMERACIÓN DOS PRECINTOS	PARÁMETRO IDENTIFICADOR DE TARIFA
F: S: X: T: M: A: C: I:	Número de tarifas: Localidade: Valor da constante k: Código de programa de tarifas:
Sinatura e selo de de 20....	Sinatura e selo de de 20....

ANEXO III**Procedemento de verificación e erros máximos permitidos***Verificación*

O procedemento de verificación de aparellos taxímetros constará dos trámites que se establecen a seguir, entendéndose que a non-superación dun deles significará a non-superación da verificación e a imposibilidade de realizar os seguintes.

1. Exame administrativo.–Consistirá na identificación completa do instrumento e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Será realizado a partir da información do boletín a que se refire o anexo II. Comprobarase especialmente que o instrumento posúe a aprobación de modelo ou a aprobación CE de modelo, a placa identificativa de características con todos os seus datos e a acreditación de ter superada a verificación primitiva ou a declaración CE de conformidade.

2. Exame metrolóxico.–Comprenderá as seguintes fases de inspección visual e verificación do mantemento das súas características metrolóxicas.

Na fase de inspección visual levaranse a cabo as seguintes comprobacións:

1) Que o taxímetro se corresponde co identificado no exame administrativo.

2) Que o taxímetro leva na cara frontal ou nunha placa precintada, facilmente lexible e visible, as indicacións seguintes:

a) Nome do fabricante e a súa marca.

b) Designación do modelo do instrumento, o seu número e ano de fabricación.

c) O signo de aprobación de modelo ou de declaración CE de conformidade.

d) A súa constante k .

3) Que estea debidamente precintado.

4) No caso de verificación despois de reparación ou modificación, que o instrumento cumpre todas as exixencias metrolóxicas que figuran na resolución da aprobación correspondente.

Na fase de verificación do mantemento das súas características metrolóxicas o taxímetro instalado no vehículo deberá ser sometido ás probas de verificación, seguindo o procedemento que se describe:

1) Arrastre horario: un mínimo de dúas medidas.

2) Arrastre quilométrico: unha medida por cada tarifa, a unha velocidade comprendida entre 40 e 120 quilómetros/hora, cun mínimo de tres medidas nestas condicións.

No caso de dispor da versión de programa de tarifas, facilitado polo responsable do programa, soamente será necesario comprobar tres medidas cunha única tarifa.

As condicións xerais para a realización destes ensaios deben ser:

1) Temperatura: entre -10°C e $+60^{\circ}\text{C}$.

2) Humidade: relativa entre 5 e 95 por 100.

Erros máximos permitidos.

Nos ensaios sobre o conxunto de medida (taxímetros máis vehículo), os erros máximos permitidos para unha distancia percorrida dada non deberán exceder os valores establecidos a seguir.

a) Ensaio de arrastre horario: $\pm 0,2\%$ do valor real (cun valor mínimo de erro máximo permitido de 1 segundo).

b) Ensaio de arrastre quilométrico: $\pm 1,0\%$ do valor real (cun valor mínimo de erro máximo permitido de 10 metros).

c) Para o cálculo de importe: $\pm 0,3\%$ do valor real, incluído o redondeo correspondente ao último dígito significativo do importe.

ANEXO IV**Requisitos da instalación**

1) Os fabricantes dos vehículos de servizo de auto-taxi ou, no seu defecto, os seus representantes legais establecidos, son as únicas entidades que poden determinar o sistema de conexión dos taxímetros nos vehículos sen afectar a súa seguranza, deberán certificar o punto correcto de toma do sinal taquimétrico e que este sexa o adecuado para os taxímetros, mantendo as máximas garantías metrolóxicas, e deberán garantir que o sinal taquimétrico corresponda co eixe motriz do vehículo ou, de non ser isto posible, xustificar a imposibilidade e a solución alternativa.

2) A instalación do taxímetro, desde a toma do sinal ata o módulo repetidor de tarifas múltiples, non conterá ningún elemento alleo ao taxímetro e será en todo momento continua e indismontable, dispoñendo dos precintos que garantan o control metrolóxico do instrumento. Para estes efectos, considerárase que forman parte do taxímetro as conexións asociadas ao seu funcionamento.

3) Unha vez instalado o taxímetro nun vehículo de servizo de taxi de acordo coas especificacións facilitadas polos fabricantes do vehículo e do taxímetro ou, no seu defecto, os seus representantes legais, deberá de ser programado coas tarifas vixentes.

4) A identificación do programa de tarifas, aprobado pola autoridade competente nesa materia, efectuarase directamente sobre o taxímetro, entrando na súa posición de versión de programa. Esta identificación deberalles ser facilitada polo responsable do programa de tarifas ás administracións públicas competentes.

5) Na primeira instalación dun taxímetro nun vehículo de servizo de autotaxi calcularase o valor correcto da constante do instrumento k , en impulsos por quilómetro e cunha tolerancia máxima do $\pm 0,5\%$, que se manterá durante toda a vida útil do conxunto vehículo/taxímetro sempre que se manteñan as características dimensionais dos seus pneumáticos.

6) A determinación do coeficiente característico do vehículo w , en impulsos por quilómetro, deberase efectuar tendo presente:

a) Os pneumáticos do vehículo de servizo de auto-taxi serán os que equipe o vehículo e cunha circunferencia efectiva u . Deben estar en bo estado e inflados á presión correcta.

b) A carga do vehículo será de $225\text{ kg} \pm 30\text{ kg}$.

c) O vehículo deberase desprazar arrastrado polo seu motor en terreo plano e horizontal, en liña recta, e a unha velocidade de $40\text{ km/h} \pm 5\text{ km/h}$, ou en banco de rolos correctamente calibrado.

7) Cando os ensaios se efectúen en condicións diferentes ás citadas nos tres parágrafos anteriores, os resultados deberanse modificar, coas correccións necesarias, para levar o seu valor ao que se obtería de realizarse nas condicións definidas.

8) A instalación dun taxímetro usado noutro vehículo será considerada como unha modificación das condicións iniciais do taxímetro e por iso lle corresponderá unha verificación despois de modificación, e será efectuada por un organismo autorizado de verificación metrolóxica que validará a verificación da correcta instalación, de acordo coas instrucións do fabricante do vehículo e da tarifa que corresponda coa súa licenza. Esta nova instalación dará lugar á utilización dun novo boletín de identificación do instrumento